

VISITA FÁCIL AO MUSEO PAZO DE TOR

Patio interior

Despois de traspasar o portalón atopamos a oficina de recepción e un espazo cuberto onde se expoñen diversos obxectos (banco, arcas, un muño para moer cacao manualmente e pedras de muño hidráulico, rodas de carruaxe...). O patio é de planta rectangular, con artística fonte no centro e arcos de medio punto nos lados sur e norte. Para comezar a visita ao interior do pazo hai que subir pola escaleira de pedra (onde se expoñen 8 chocas) ata un gran corredor cuberto e

con artística balaustrada de granito. No angosto recibidor, sobre diversos mobles (paraagueiro, percheiro, colgadores...) vense sombreros, fustas, paraugas, gorras, bastóns... que pertenceron aos últimos residentes no pazo. Nas paredes, decoradas con diversos gravados e pinturas, destacan dúas pequenas táboas pintadas ao óleo asinadas por C. Garabal (Cándido Garabal, 1858- ca. 1950)

